

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE INDUSTRIA, ENERXÍA E TURISMO

5635 *Orde IET/931/2015, do 20 de maio, pola que se modifica a Orde ITC/1522/2007, do 24 de maio, pola que se establece a regulación da garantía da orixe da electricidade procedente de fontes de enerxía renovables e de coxeración de alta eficiencia.*

A Orde ITC/1522/2007, do 24 de maio, establece a regulación da garantía da orixe da electricidade procedente de fontes de enerxía renovables e de coxeración de alta eficiencia.

A citada Orde ITC/1522/2007, do 24 de maio, incorporaba ao ordenamento xurídico español o sistema de garantía de orixe previsto na Directiva 2001/77/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de setembro de 2001, relativa á promoción de electricidade xerada a partir de fontes de enerxía renovables no mercado interior da electricidade, e na Directiva 2004/8/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de febreiro de 2004, relativa ao fomento da coxeración sobre a base da demanda de calor útil no mercado interior da enerxía e pola que se modifica a Directiva 92/42/CEE.

Posteriormente, a devandita orde era modificada pola Orde ITC/2914/2011, do 27 de outubro, para a súa adaptación ao disposto na Directiva 2009/28/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de abril de 2009, relativa ao fomento do uso de enerxía procedente de fontes renovables e pola que se modifican e se derrogan as directivas 2001/77/CE e 2003/30/CE.

No ano 2012, promulgouse a Directiva 2012/27/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de outubro de 2012, relativa á eficiencia enerxética, pola que se modifican as directivas 2009/125/CE e 2010/30/UE, e pola que se derrogan as directivas 2004/8/CE e 2006/32/CE.

No artigo 14.10 da devandita directiva introdúcense algúns requisitos relativos á información que as garantías de orixe da electricidade producida a partir da coxeración de alta eficiencia deben conter, non previstos anteriormente pola Directiva 2004/8/CE.

Por este motivo, faise necesario adaptar a mencionada Orde ITC/1522/2007, do 24 de maio, ao disposto na citada Directiva 2012/27/UE, en relación coas garantías de orixe da electricidade procedente de instalacións de coxeración de alta eficiencia.

Mediante esta orde incorpórase ao dereito español o contido do artigo 14.10 da Directiva 2012/27/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de outubro de 2012, relativa á eficiencia enerxética, pola que se modifican as directivas 2009/125/CE e 2010/30/UE, e pola que se derrogan as directivas 2004/8/CE e 2006/32/CE.

Por outra parte, a Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, eliminou os conceptos diferenciados de réxime ordinario e especial, e o Real decreto 413/2014, do 6 de xuño, polo que se regula a actividade de produción de enerxía eléctrica a partir de fontes de enerxía renovables, coxeración e residuos, aprobou un novo réxime xurídico e económico aplicable a estas instalacións. Por iso, é necesario introducir determinadas modificacións na Orde ITC/1522/2007, do 24 de maio, para adaptala ao novo marco regulatorio.

De acordo co previsto nas disposicións transitorias terceira e décima da Lei 3/2013, do 4 de xuño, de creación da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, en relación coa disposición adicional décimo primeira da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, a presente orde conta co informe da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia e para a elaboración deste informe tomáronse en consideración as observacións e os comentarios do Consello Consultivo de Electricidade da devandita comisión, a través do cal se cumpriu o trámite de audiencia e consultas ás comunidades autónomas.

Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo único. *Modificación da Orde ITC/1522/2007, do 24 de maio, pola que se establece a regulación da garantía da orixe da electricidade procedente de fontes de enerxía renovables e de coxeración de alta eficiencia.*

Introdúcense as seguintes modificacións na Orde ITC/1522/2007, do 24 de maio, pola que se establece a regulación da garantía da orixe da electricidade procedente de fontes de enerxía renovables e de coxeración de alta eficiencia:

Un. Modifícase o primeiro parágrafo do artigo 2, cuxo teor pasa a ser o seguinte:

«Poderán acollerse ao sistema de garantía de orixe da electricidade regulada nesta orde todas as instalacións de produción de enerxía eléctrica a partir de fontes de enerxía renovables e de coxeración de alta eficiencia, así como a fracción biodegradable dos residuos industriais e municipais, sempre e cando a devandita fracción biodegradable sexa cuantificable de forma obxectiva.»

Dous. Modifícase o artigo 3, que queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 3. *Definicións.*

Para os efectos desta orde, serán de aplicación as seguintes definicións:

a) Enerxía eléctrica procedente de fontes renovables: a enerxía eléctrica procedente de fontes renovables non fósiles, é dicir, enerxía eólica, solar, aerotérmica, xeotérmica, hidrotérmica e oceánica, hidráulica, biomasa, gases de vertedoiro, gases de plantas de depuración e biogás.

b) Biomasa: a fracción biodegradable dos produtos, refugallos e residuos de orixe biolóxica procedentes de actividades agrarias (incluídas as substancias de orixe vexetal e de orixe animal), da silvicultura e das industrias conexas, incluídas a pesca e a acuicultura, así como a fracción biodegradable dos residuos industriais e municipais.

c) Produción eléctrica neta: enerxía bruta xerada menos a consumida polos servizos auxiliares medida en barras de central, isto é, tendo en conta as perdas para elevar a enerxía a barras de central.

d) Enerxía bruta xerada: enerxía producida por un grupo xerador medida en bornes de alternador.

e) Servizos auxiliares de produción: subministracións de enerxía eléctrica necesarias para prover o servizo básico en calquera réxime de funcionamento da central.

f) Barras de central: barras ás cales se conecta o lado de alta do transformador de grupo dun grupo xerador.

g) Coxeración de alta eficiencia: a coxeración que cumpra os criterios establecidos no anexo III do Real decreto 616/2007, do 11 de maio, sobre fomento da coxeración.

h) Sistema de apoio: calquera instrumento, sistema ou mecanismo que promove o uso de enerxía procedente de fontes renovables grazas á redución do custo desta enerxía, aumentando o seu prezo de venda ou o volume de enerxía renovable adquirida, mediante unha obriga de utilizar enerxías renovables ou mediante outras medidas. Iso inclúe, sen limitarse a estes, as axudas ao investimento, as exencións ou desgravacións fiscais, as devolucións de impostos, os sistemas de apoio á obriga de utilizar enerxías renovables incluídos os que empregan os certificados verdes, e os sistemas de apoio directo aos prezos, entre os cales se encontran a retribución á operación, a retribución ao investimento, así como calquera outro concepto incluído no réxime retributivo específico.»

Tres. Modifícase o segundo parágrafo do artigo 4.1, cuxa redacción pasa a ser a seguinte:

«As garantías de orixe terán un formato normalizado de 1 MWh. Así mesmo, as garantías de orixe incluírán, polo menos, os datos relativos á identificación, situación, data de posta en servizo, tipo de enerxía, capacidade da instalación, período de funcionamento e sistema de apoio, así como a data e o país expedidor e un número de identificación único, sen prexuízo de que esta información poida detallarse con maior precisión mediante circular da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, que deberá publicarse no “Boletín Oficial del Estado”.»

Catro. Modifícase o artigo 6.3.a), cuxo teor pasa a ser o seguinte:

«a) No caso da coxeración de alta eficiencia, capacidade térmica da instalación, eficiencia nominal eléctrica e térmica da instalación, valor calorífico inferior do combustible, cantidade e uso da calor xerada xuntamente coa electricidade, rendemento eléctrico equivalente (REE), así como electricidade de coxeración e aforro de enerxía primaria (PES), tal e como se definen nos anexos II e III do Real decreto 616/2007, do 11 de maio, sobre fomento da coxeración.»

Cinco. Modifícase o artigo 7, que queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 7. *Separación contable.*

Os ingresos obtidos pola venda das garantías de orixe deberanse contabilizar separadamente. Durante o primeiro trimestre de cada ano, os produtores a cuxo nome se expidan garantías de orixe remitirán á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia un informe sobre o plan de aplicación dos devanditos ingresos, que poderán estar destinados ben a novos desenvolvementos de instalacións de produción de enerxía eléctrica a partir de fontes de enerxía renovables e coxeración que co sistema de retribución vixente non resulten rendibles, ben a actividades xerais de investigación e desenvolvemento (I+D) cuxo obxectivo sexa a mellora do medio global.»

Seis. Modifícase o segundo parágrafo do artigo 11.1, que queda redactado do modo seguinte:

«As acreditacións de garantías de orixe expedidas noutro Estado membro poderanas presentar os comercializadores ante a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia para que obteñan o mesmo recoñecemento que as expedidas polo sistema de garantía de orixe en España, sempre que sexan expedidas de acordo cos requisitos exixidos polas directivas 2012/27/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de outubro de 2012, relativa á eficiencia enerxética, pola que se modifican as directivas 2009/125/CE e 2010/30/UE, e pola que se derrogan as directivas 2004/8/CE e 2006/32/CE, e 2009/28/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de abril de 2009, relativa ao fomento do uso de enerxía procedente de fontes renovables e pola que se modifican e se derrogan as directivas 2001/77/CE e 2003/30/CE. A garantía de orixe deberá ser expedida polo órgano expedidor designado por un Estado membro da Unión Europea. Cando existan dúbidas fundadas sobre a exactitude, fiabilidade ou veracidade dunha garantía de orixe expedida por outro Estado membro, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia poderá negar o recoñecemento desta e deberao poñer en coñecemento da Secretaría de Estado de Enerxía para a súa notificación á Comisión Europea.»

Sete. Modifícase o segundo parágrafo do artigo 11.2, cuxa redacción pasa a ser a seguinte:

«O produtor de electricidade con dereito á percepción do réxime retributivo específico regulado no Real decreto 413/2014, do 6 de xuño, polo que se regula a

actividade de produción de enerxía eléctrica a partir de fontes de enerxía renovables, coxeración e residuos, que solicite garantías de orixe para a exportación deberá renunciar, para cada garantía de orixe exportada, ao réxime retributivo específico que lle fose de aplicación á devandita garantía. Conforme o previsto no artigo 11.6 do citado real decreto, o dito réxime retributivo específico incluirá a retribución á operación correspondente á enerxía incluída na garantía, a retribución ao investimento correspondente ao período considerado, así como calquera outro concepto incluído no réxime retributivo específico.»

Oito. Modifícase o artigo 14, que queda redactado co seguinte teor:

«Artigo 14. *Réxime de infraccións e sancións.*

Ao incumprimento das obrigas previstas na presente orde seralle de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título X da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico.»

Nove. Modifícase o segundo parágrafo do número 1 da disposición adicional única, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Para estes efectos, co obxecto de reflectir a información relativa á empresa comercializadora, deducirase, da mestura global de xeración indicada, a parte correspondente ás garantías de orixe totais emitidas e, de ser o caso, incluírase a correspondente ás garantías de orixe que ata o 31 de marzo do ano posterior ao de produción da enerxía figurasen na conta da devandita empresa.»

Disposición transitoria única. *Aplicación das modificacións relativas ao sistema de garantía de orixe da electricidade procedente de fontes de enerxía renovables e de coxeración de alta eficiencia.*

O disposto nos números tres e catro do artigo único desta orde será de aplicación para os trámites relacionados con garantías de orixe relativas a enerxía eléctrica producida a partir do 1 de xaneiro de 2016. Para o resto de trámites resultarán de aplicación os artigos 4.1 e 6.3.a) da Orde ITC/1522/2007, do 24 de maio, na súa redacción vixente no momento da entrada en vigor desta orde.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta orde ten carácter básico e dítase ao abeiro do establecido no artigo 149.1.13.^a e 25.^a da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, e bases do réxime mineiro e enerxético.

Disposición derradeira segunda. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante esta orde incorpórase ao dereito español o contido do artigo 14.10 e do anexo X da Directiva 2012/27/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de outubro de 2012, relativa á eficiencia enerxética, pola que se modifican as directivas 2009/125/CE e 2010/30/UE, e pola que se derrogan as directivas 2004/8/CE e 2006/32/CE.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 20 de maio de 2015.—O ministro de Industria, Enerxía e Turismo, José Manuel Soria López.